

Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na **Sede electrónica da Deputación de Pontevedra** (<https://sede.depo.gal>).

O prazo de presentación será o indicado na propia sede electrónica, conforme o establecido nas bases reguladoras



Pazo provincial
Avda. Montero Ríos, s/n
36071 Pontevedra

benestarsocial@depo.es
986 804 100



Finalidade

Subvencionar proxectos de mellora da accesibilidade arquitectónica e da accesibilidade na comunicación, así como para axudas técnicas.


Para quen?

Entidades de iniciativa social sen fins de lucro que actúen nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade da provincia de Pontevedra, inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e que cumpran os requisitos establecidos nas bases.



Gastos subvencionables

- Gastos derivados das **obras de mellora da accesibilidade** nas instalacións das entidades solicitantes.
- **Os custos de redacción da memoria técnica do proxecto**, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra
- Gastos para **adquirir sistemas de comunicación** que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas nas actividades da vida diaria



- Gastos derivados de **adquirir axudas técnicas** relacionadas coa mobilidade e co coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiéscaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables anteriormente descritos.

